

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia establece o seguinte:

- O artigo 63.7 indica que "nas monterías será obrigatorio sinalizar os camiños de uso público que se internen na zona onde se desenvolve a actividade. No caso das batidas o réxime de sinalización se determinará regulamentariamente".
- O artigo 33.2 indica que nos refuxios de fauna a caza estará permanentemente prohibida, sen prexuízo de que por circunstancias especiais a consellería competente en materia de caza poida executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.
- O artigo 17, establece que os/as titulares dos terreos que non cederon o dereito cinxético de xeito expreso a favor do/da titular ou titulares do tecor conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos. No seu punto 2 indica ademais que o exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza entenderase expresado de modo manifesto pola colocación de

3



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Edificio Administrativo San Lázaro  
15111 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

sinais perfectamente visibles que prohiban a entrada nel, con carácter xeral ou para a práctica da caza en particular, colocados no perímetro ou nos accesos practicables do respectivo terreo.

No artigo 42, considéranse como zonas de seguridade as vías públicas, entendéndose por tales, para os efectos desta lei, as vías férreas, as autoestradas, as autovías, as vías para automóviles e as estradas convencionais que se encontren debidamente sinalizadas como tales, sexan de titularidade estatal, autonómica ou local, así como as súas marxes e zonas de servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliadas nunha franxa de 50 metros de largura a ambos os lados do eixe da vía e, se estiveren pechadas, a 50 metros do peche.

O Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o regulamento de caza de Galicia (vixente na actualidade) indica no seu artigo 19 que nas zonas de seguridade non será obrigatoria, con carácter xeral, a sinalización para efectos cinxéticos prevista no artigo 17º do regulamento, salvo nos casos seguintes:

- a) Cando se trate de recintos deportivos, áreas recreativas e de acampada en terreos non cercados, sempre que as instalacións non sexan visibles desde calquera punto situado a unha distancia mínima de cen metros.
- b) Cando a zona de seguridade fora declarada en virtude do establecido no artigo 13.2º, nas súas letras d) e e).
- c) Cando por circunstancias de especial perigo o impoña a Consellería de Medio

Ambiente para determinados lugares, ben de oficio ou por requirimento da autoridade gobernativa competente.

#### CONCLUSIÓNS

1. Como xa se reflectía no informe redactado con data 13.05.2015, para dar resposta á queixa C.6.Q/12908/15, os criterios de sinalización establecidos na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, non están aínda determinados regulamentariamente para o caso concreto das batidas, polo que os termos formulados nesta queixa non constitúen un suposto de infracción neste momentos.

4



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Edificio Administrativo Saa Lamea  
15181 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

2. O Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o regulamento de caza de Galicia, está vixente na actualidade, sendo de aplicación en todo aquilo que non contradiga o establecido na Lei 13/2013 de caza de Galicia.

3. No regulamento de caza de Galicia vixente, unicamente se fai referencia á sinalización das zonas de seguridade no artigo 19, establecéndose a obrigatoriedade de sinalizar as zonas de seguridade nuns casos concretos determinados, dentro dos cales non se atopa o denunciado por

4. Finalmente compre referir que o escrito de interposición de recurso de alzada presentado con data do 4 de marzo de 2015 por contra o escrito do 22 de febreiro de 2015 do xefe do Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Ourense, foi contestado con data 06.11.2015 pola xefa do Servizo Técnico-Xurídico, considerando que dito escrito non pode considerarse como un recurso de alzada, dado que o acto recorrido non é un acto definitivo ou un acto de trámite ao que se refire o artigo 107 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2015



Directora Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Cuesta Farifa